

# I CANICROSS E BIKEJORING DE VILAGARCÍA DE AROUSA



PRIMEIRA PROBA  
LIGA GALEGA

CANICROSS  
BIKEJORING

9 DE OUTUBRO DE 2016



Lugar: Renza - Monte Lobeira

Distancia: 3,6 km

Inscripcións: [www.galitiming.com](http://www.galitiming.com)

9:30 Canicross Federado

10:30 Bikejoring Federado

11:30 Canicross Popular



# I CANICROSS E BIKEJORING DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Renza, 9 de outubro de 2016

## PROGRAMA

08:00 - 09:00	Control Veterinario Federados
09:15	Reunión Informativa Federados
09:30	Canicross Federado
10:30	Bikejoring Federado
10:30 - 11:00	Control Veterinario Populares
11:30	Canicross Popular
12:30	Entrega de Premios



## COMITÉ DE HONRA

Presidente: Alcalde de Vilagarcía de Arousa

Membros: Concelleiro de Deportes do Concello de Vilagarcía de Arousa

Presidente da Fundación de Deportes de Vilagarcía de Arousa

## COMITÉ ORGANIZADOR

Director de Organización: Mónica Touriño Ferreirós

Director Deportivo: Anxo Martínez

Marcaxe de Circuito: Kiko Martínez

Xefe de Pista: Leticia Seoane

Xefe de Controis: Xuiz FGDI

Xefe de Accesos: Xefe de Protección Civil de Vilagarcía

Xuiz FGDI: A designar

Control Veterinario: Clínica San Miguel

Cronometraxe: Galitiming



# REGULAMENTO

## ORGANIZACIÓN:

Kennel DEN, en colaboración co Concello de Vilagarcía de Arousa, organiza o "I Canicross e Bikejoring de Vilagarcía de Arousa" para as modalidades de canicross e bikejoring para o día 9 de outubro de 2016 na citada localidade de Vilagarcía de Arousa.

A proba rexirase polo regulamentos da FGDI que se poden ver na páxina web da federación [www.fgdi.es](http://www.fgdi.es)

## PARTICIPANTES:

-A proba está aberta a todos os deportistas con licencia de Mushing en vigor para as probas de Canicross Federado e Bikejoring Federado.

-O canicross Popular está aberto a todos os deportistas, federados ou populares.

-Os cans participantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Levar implantado o microchip
- Ter como mínimo 12 meses para Canicross e 18 meses para Bikejoring
- Ter menos de 10 anos para ambas especialidades
- Levar postas as seguintes vacinas: antirrábica, polivalente e a tos das perreras

(No caso de que as vacinas sexan de primeira vez, a polivalente e antirrábica deberán administrarse con 21 días de antelación. A vacina da tos das perreras sempre deberá ser con 15 días de adelanto).

-Pasar o control veterinario.

-Os cans potencialmente perigosos deberán presentarse coa documentación.

-Os cans deberán participar co material reglamentario para competición como establece a FGDI.

-O corredor que participe co can doutra persoa deberá presentar unha autorización por escrito do propietario ou ben que este o comunique e autorice en persoa.

-Ningún can poderá competir en máis dunha proba

-Iniciada a proba non se poderá cambiar de can.

-O veterinario de carreira determinará se as condicións de saúde de cada can son aptas para a realización da proba. En caso contrario serán descalificados.

## RESPONSABILIDADE CIVIL:

-Todos os deportistas deberán ter un Seguro de Responsabilidade Civil que especifique que durante a práctica deportiva serán cubertos todos os danos que o can poida ocasionar. Este seguro poderase enviar a [kennelden@gmail.com](mailto:kennelden@gmail.com) ou presentalo o mesmo día da proba.

-Para os deportistas do Canicross Popular, de non ter seguro de Responsabilidade Civil, poderase tramitar un seguro por un día.



## CATEGORÍAS E CIRCUITO:

METROS	MODALIDADE	CATEGORÍA	Nº CANS
3600	DCM	Canicross Home	1
3600	DCW	Canicross Muller	1
3600	DCMJ	Canicross Junior Home	1
3600	DCWJ	Canicross Junior Muller	1
3600	DCMV40	Canicross Vet. Home 40	1
3600	DCWV40	Canicross Vet. Muller 40	1
3600	DCMV50	Canicross Vet. Home 50	1
3600	DCWV50	Canicross Vet. Muller 50	1
3600	DBM	Bikejoring Home	1
3600	DBW	Bikejoring Muller	1
3600	DBMV	Bikejoring Vet. Home	1
3600	DBWV	Bikejoring Vet. Muller	1
2000	DCM/W	Canicross H/M Popular	1

O circuito da carreira é de 3,6 km e discorre polos camiños do monte Lobeira, na contorna do campo de fútbol de Renza. A saída e a chegada están a escasos metros do devandito campo. Os camiños discorren por zonas boscosas de piñeiro e carballo dándose a sombra durante a maior parte do percorrido. O firme é adecuado para canicross e bikejoring con algunha zona máis técnica. Ten unha subida ao principio e o resto do circuito é moi rápido.

O circuito da popular son 2 km, evitando parte da subida da carreira federada e un bonito camiño arbolado pero que para os que se inician será máis levadeiro.

## INSCRICIÓN:

Os participantes deberán tramitar e pagar a inscrición en [www.galitiming.com](http://www.galitiming.com) antes das 24:00 do xoves 6 de outubro de 2016. (Deberase cumprimentar a folia do Control Veterinario en galitiming ou na páxina de facebook de Kennel DEN.

-Non se admitirá ningún pago, inscrición ou trámite despois desa data e hora.

-A cota de inscrición son **10,36** para **federados**, para 1 ou 2 modalidades e de **5,36** para os **populares**.

## ORDE DE SAÍDA:

O sistema de saída será:

Canicross: en parellas

Bikejoring: individual cada 1'

A orde de saída será por sorteo.



## BALIZAXE:

A maraxe do circuito estará de forma clara coas "piruletas" oficiais de mushing e algunha outra sinalización que permita seguir o circuito claramente.

## TROFEO E OBSEQUIOS:

Trofeo e pienso para os 3 primeiros de cada categoría constituída. Se necesita un mínimo de 3 persoas para constituír categoría.

## APARCAMENTO E USO DAS ZONAS:

Cada equipo ubicará os seus cans para as zonas habilitadas para aparcamento. Estas deberán manterse limpas, libres de excrementos dos cans. O lixo deberá tirarse en colectores específicos.

Deixar en mal estado a zona será penalizado.

En ningún momento pode haber cans soltos na zona da carreira, aparcamento, ... Pode ser motivo de penalización.

## MATERIAL OBRIGATORIO:

Esixírase o material obrigatorio esixido nos Regulamentos da FGDI que se poden ver na páxina web [www.fgdi.es](http://www.fgdi.es)

## RECLAMACIÓN:

As clasificacións e sancións publicaranse antes da entrega de premios. Calquera reclamación deberá presentarse por escrito ante o Xurado da Proba, polo Xefe de Equipo ao que pertenza o reclamante, antes de que trancuran 30' da publicación dos resultados. Deberá estar acompañada por un depósito de 65 euros que será devolto no caso de que a reclamación sexa aceptada.

## SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL:

A organización conta cun seguro de Responsabilidade Civil que cubre a competición ademais de todos os permisos necesarios para o normal desenvolvemento da proba.

Polo feito de inscribirse o deportista declara coñecer e aceptar o presente Regulamento e faise responsable de calquer dano que poida provocar a terceiros durante o desenvolvemento da proba, incluíndo os 30' antes do inicio do control veterinario e ata 1 hora despois da entrega de trofeos.

Todos os corredores, coa inscrición, asumen que están en posesión de un seguro de Responsabilidade Civil que cubre a práctica deportiva do seu can e os danos que este pudiera

## LOCALIZACIÓN:

Campo de fútbol de Renza, Vilagarcía de Arousa.

Coordenadas: [42.570523,-8.778178](https://www.google.com/maps/place/42.570523,-8.778178)

